

Sánchez non agarda nada bo das medidas que esta a tomar a Xunta de Feijóo, pero é optimista e cre que "eles pasarán e o noso pobo seguirá"

Cesáreo Sánchez Iglesias | Escritor

“Xa gañamos antes a batalla de manter a lingua”

Vén de publicar ‘O paraíso das sombras’, un longo poema no que repasa a Historia do país

ENTREVISTA

A. LOSADA
GALICIA

cultura@xornaldeg Galicia.com



Cesáreo Sánchez (Dadín-O Irixe, Ourense, 1951) ten o hábito de dicir moito con poucas palabras, e dunha breve conversa con el pódense extraer máis ideas para reflexionar que de moitas clases maxistras. De profesión arquitecto técnico e presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, vén de publicar *O paraíso das sombras*, un poema elaborado durante 20 anos e no que no que reproduce simbolicamente a Historia de Galicia, ata os primeiros anos 80.

É este un libro para un pobo?

Máis ben é un poemario que conta a epopea dun pobo que quere construír a nación dos seus sonhos. Esta historia, a nosa historia, é moi de creación dende a adversidade, do que fixemos aínda sen ter os recursos e os instrumentos políticos para nos defender. Vimos de moi lonxe, temos milenios ás costas, que eu intento reproducir dende os ollos dun neno que vai e volve da infancia, e que vai dándolle forma a un relato histórico, mítico, pero tamén moi de a diario, das cousas que acontecen nos pequenos vales e regatos, nun territorio que ten como centro a vila da Povanza. Ao tempo que se reflicten as cousas no meu maxín e na realidade, vai acontecendo a historia do país.

Poríalle o adxectivo de ambicioso?

Creo que foi García Márquez o que dixó que un sempre quere escribir o Quixote, e logo fica nas mans cun libro humilde... A esta obra adiqueille 20 anos da miña vida, polo que polo menos é ambiciosa no tempo invertido.

En todo caso, é este un poema case homérico.

Quere ser algo diso, é dalgunha maneira o eterno retorno ao territorio da infancia, á terra onde un pobo, os fillos da chuva,

sempre están a loitar contra a expulsión. Son figuras que traen ecos de Pondal, pero conviven con voces íntimas, ferreiros ou carpinteiros, e hai narradores que son coros, o do traballo, o das peixeiros, ou o das sacadoras de millo, mulleres sobre todo, que contan e que lle falan ao poeta, como depositario da palabra, convertido no responsable de contar e cantar a historia.

Un simbolismo que o tinxe todo...

Busco a forza dos símbolos. Ao mesmo tempo que os fillos da choiva ían construíndo a súa arte, tiñan enfronte a outros personaxes aos que chamei homes secos, liderados polo Home Escorpión, o Señor das Sombras ou o Home Aguia, os que eran negadores da vida.

No mundo real, o Home Aguia viña sendo Franco, non?

Si, e o Home Escorpión serían os reis católicos. Falo tamén dos homes salamántiga, que son amables cando están na agua e feros cando están en terra, e que representan á nosa nobreza.

É a galega unha historia feita de batallas perdidas?

Non necesariamente. Houbo momentos nos que fomos desposuídos do poder político, pero o noso pobo gañou sempre a batalla de manter o propio idioma, entre outras. Sería impensable se non tiveramos enraizado o sentimento de nación.

Porén, esa loita aínda segue...

Si, pero non pon medo. Volverán os señores da escuridade, os escorpións, e o noso idioma seguirá en pé. Derrotar algo que un pobo construíu ao longo dos milenios será imposible, aínda que a batalla pode ser moi dolorosa. É tempo de denunciar a as agresións contra a lingua, pero sen deixar nunca de construír o país. Eles pasarán, e o noso pobo se-



Cesáreo Sánchez, na Coruña, co monumento a Curros de fondo

CASTELEIRO

guirá. Resulta profundamente feridor lembrar a Uxío Novoneyra, que ven de recibir o Día das Letras, e tamén a Avilés de Taramancos e a Manuel María, e ver como unha xeración que adicou a súa vida a que a árbore da palabra siga medrando, e saber que manter o que eles conquistaron vai ser duro.

Pensa que veñen malos tempos co novo goberno da Xunta?

Vén un tempo moi duro. Para que Galicia mantivese a súa identidade, ao igual que os outros pobos do territorio español, fixeron falta moitos mortos e exiliados, e cando por fin se concretan

“Ante o que fai a Xunta hai moitos silencios, e algúns moi indignos”

determinados dereitos constitucionais, comezan a traballar dende dentro para converternos nunha rexión.

E como habería que actuar ante esas perspectivas?

Temos que seguimos a escribir e a soñar o futuro. Pero penso que nun momento no que precisamos todas as voces, hai demasiados silencios, e algúns especialmente indignos. ■

www.xornal.com

Opina sobre as palabras do entrevistado no espazo web de Xornal de Galicia.

